



GALEGO



Lectura Fácil

Exposición

Francisco Asorey, unha recuperación necesaria



Do mes de novembro do 2025 ata o mes de abril de 2026

Museo Centro Gaiás, andar 3. Na cidade de Santiago de Compostela



Lectura Fácil

© Logo Europeo de Lectura fácil: Inclusion Europe.

<https://www.inclusion-europe.eu/easy-to-read/>

Lectura Fácil

Este documento está adaptado a lectura fácil.

A lectura fácil é unha maneira de redactar
con palabras fáciles para que os textos se entendan mellor.
A lectura fácil é unha ferramenta de accesibilidade cognitiva.

Este documento cumpre as instrucións de lectura fácil.

Cumpe a norma de calidade

UNE 153101:2018 EX de Lectura Fácil.

Elaboración en lectura fácil:

Federación Autismo Galicia

a través da súa **Rede de Accesibilidade**.

Este texto o validaron persoas
con discapacidade intelectual e cognitiva.

- Adaptación do texto a lectura fácil: **Aitana García**.

- Equipo de validación:

Persoal técnico dinamizador: **Esperanza Fernández**.

Equipo validadores: **Cristina Fernández, Ricardo Pérez
e Pablo Suárez**.

Contenidos

1. Quen é Francisco Asorey?
2. A súa vida e traballo na época dourada.
3. A temática da súa obra de escultura.
4. As esculturas de Asorey: obras importantes.
5. Importancia de súa obra.

1. Quen é Francisco Asorey?

Francisco Asorey foi un **escultor** galego moi importante.
Naceu en Cambados no ano 1889.
Cambados é unha vila mariñeira da provincia de Pontevedra.

Asorey estudou por toda España
para formarse como artista.

No ano 1918 queda a vivir en Santiago de Compostela
Alí abre o seu propio taller de escultor no ano 1919.

Escultor ou escultora

Persoa que traballa materiais
como barro, madeira ou pedra
entre outros, para facer figuras
ou formas.



Fotografía de Francisco Asorey

2. A súa vida e traballo na **época dourada**.

Asorey vive na época do **Galeguismo**.

Asorey tamén forma parte da **Xeración Nós**.

Durante esa época tratou con personaxes importantes para a cultura e a arte galegas.

Como os seus amigos os escritores

Ramón Cabanillas e **Castelao**.

Asorey como escultor

ten un estilo fiel á realidade

e sen moito adorno.

Asorey primeiro preparaba a madeira.

Despois pintaba as súas obras.

Por último adornaba as súas pezas de **madeira policromada** con obxectos de metal.

Asorey creou diferentes obras na súa vida tanto en pintura como en escultura.

Asorey esculpiu dende grandes monumentos, ata escudos de casas

ou pequenas estatuas, entre outras pezas.

Hai máis de 300 obras de Asorey hoxe en día.

Hai pinturas, esculturas e monumentos.

O escultor Asorey morre

en Santiago de Compostela no ano 1961.

Época dourada

Tempo ou etapa de éxito, creatividade ou fama.

Galeguismo

O galeguismo é un movemento político, cultural e social. Remarcou a identidade, a lingua e a arte de Galicia no século vinte.

Xeración Nós

Grupo de persoas pensadoras, escritoras e artistas galegas entre os anos 1916 e 1936.

Castelao

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao foi un escritor, político e artista galego moi importante.

Madeira policromada

Madeira pintada con varias cores para darlle máis realismo ás esculturas.

3. A temática da súa obra de escultura.

As esculturas de Asorey teñen unha temática rexionalista.

A temática rexionalista amosa a realidade da cultura popular galega en escenas relixiosas e cotiás.

Asorey como escultor combina diferentes técnicas de arte.

Usa técnicas da pintura e da arquitectura para crear as súas obras.

Por exemplo blanquear a madeira, a mestura de **granitos** diferentes ou o xogo de formas entre outras.

Granito

O granito é un tipo de rocha moi dura.

A obra artística de Asorey é moi importante.

As súas pezas de escultura espállanse por toda España e Latinoamérica.



Título da escultura: A santa
Ano de creación: 1926

4. As esculturas de Asorey: obras importantes

O escultor chega á súa etapa de máis éxito
entre os anos 1920 e 1930.

É a época dourada de Asorey.

Moitas esculturas de Asorey son grandes monumentos.

Teñen moitos detalles e un significado importante.

As obras máis importantes do escultor Asorey
son as seguintes:



Título da escultura: Ofrenda a San Ramón
Ano de creación: 1920



Título da escultura: Nai de dor
ou Virxe da Soidade
Ano de creación: 1931



Título: Monumento ao Padre Feijoo
Localización: Samos
Ano de inauguración: 1947



Título: Monumento a Alcalde López Pérez
Localización: Lugo
Ano de inauguración: 1958



Título: Monumento a Ramón María Aller
Localización: Lalín
Ano de inauguración: 1960

5. Importancia da súa obra.

Asorey é un artista cun estilo único.

Destaca como un dos grandes escultores da época.

Asorey participa en exposicións famosas en España e noutros países.

É un escultor moi importante para os artistas de hoxe.

Moitas das súas obras perdéronse ou estropeáronse.

As obras de Asorey inspiran

a escultores e artistas nos nosos días.



Título: Monumento a Curros Enríquez

Localización: A Coruña

Ano de inauguración: 1934